

**LECTORADO DE LINGUA E LITERATUA GALEGAS
UNIVERSITAT DE BARCELONA**

MEMORIA DO ANO 2022



**Responsable: María Xesús Lama López
Facultat de Filologia i Comunicació**

MEMORIA DO LECTORADO DA UNIVERSITAT DE BARCELONA PARA O ANO 2022

<https://www.facebook.com/profile.php?id=100010712384690>

Iniciamos esta memoria de 2022 sinalando o recoñecemento a unha integrante do equipo de profesorado de Galego na UB, Helena González, por parte do Consello da Cultura Galega coa concesión da Medalla de Honra por toda a súa traxectoria dedicada ao estudo e difusión da cultura galega en Cataluña. O seu traballo está presente en toda a actividade docente, investigadora e de transferencia en que se inscribe o lectorado da Universidade de Barcelona.

Neste ano 2022, durante o primeiro semestre correspondente ao curso 2021-2022, contamos co lector Antón Blanco Casás, que se incorporara en febreiro de 2021, a través do convenio asinado entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Barcelona. O seu traballo integrouse nas actividades da sección de Estudos Gallecs i Portuguesos, que desde a fusión de Departamentos levada a cabo en 2016 forma parte da Área d'Estudis Francesos, Italianos, Gallecs i Portuguesos no Departamento de Llengües i Literatures Modernes i d'Estudis Anglesos da Universitat de Barcelona. Sen embargo a partir de setembro, no presente curso de 2022-2023 encontrámonos de novo sen o soporte do lectorado debido á renuncia do titular como consecuencia de aprobar as oposicións de secundaria, e polo tanto en data que xa facía imposible a nova convocatoria da praza. Esta situación obríganos a enfrontarnos co feito de que na Universidade de Barcelona non contaremos co apoio dun lector ou lectora durante todo o curso, ata que a praza poida saír a concurso na próxima convocatoria de 2023

Desde o curso 2020-2021, vense implementado a ampliación dos Estudos Galegos no plan de estudos da Facultade de Filoloxía e Comunicación: ademais do grao de *Llengües Romàniques i les seves Literaturas*, volveuse abrir o itinerario de Galego e Portugués no seo do grao de *Llengües i Literatures Modernes*. Na programación procurouse facer coincidir a maioría das materias nos dous graos, de xeito que é posible sacar o máximo rendemento da oferta recollendo alumnos destas dúas titulacións, ademais da oferta de dúas optativas no grao de *Estudis Literaris*. Así e todo, non é posible artellar a equivalencia no total das materias, polo que aumentou a carga docente e a incorporación do lector supuxo a posibilidade de repartila, posibilidade que agora volve quedar truncada e leva a unha situación de carga máxima de docencia para todos os membros do equipo, coas evidentes consecuencias para a investigación.

Durante o curso 2021-2022, a incorporación á docencia do lector foi efectiva, mediante un permiso especial da reitoría da Universitat de Barcelona, que se fixo necesario polo feito de ser un bolseiro sen vencello contractual coa UB. Por iso na renovación do convenio recoméndase moi vivamente recuperar a modalidade que permite a contratación destes lectores por parte da universidade segundo a figura que se considere axeitada.

As materias impartidas en 2022 foron as seguintes

1. Actividade académica

No segundo semestre do curso 2021-2022 (semestre de primavera) o lector impartiu as horas correspondentes a 6 créditos repartidos entre dúas materias; ambas impartidas pola

profesora María Xesús Lama. Trátase das materias **Literatura gallega dels segles XIX i XX**, na que impartiu un 25%, e **Fantasia, humor i subversió. De Castelao a Manuel Rivas**, na que impartiu outro 25%.

Estas materias forman parte da docencia da Àrea d'Estudis Gallecs i Portuguesos, que oferta unha serie de **materias de lingua e literatura galegas** que se relacionan a seguir:

- Introducció a la Llengua Gallega
- Introducció a la Literatura Gallega
- Llengüa gallega I
- Traducció del gallec i del portugués
- Estratègies comunicatives del gallec
- Literatura gallega dels segles XIX i XX
- Romanticisme i modernitat. Galícia en el context europeu
- Fantasia, humor i subversió. De Castelao a Manuel Rivas
- Avanguarda i posmodernitat en la literatura gallega.
- Literatura i Gènere a Galicia, Portugal i Brasil
- Traducció del Portugués i del Gallec
- El Camí de Santiago

2. ACTOS CULTURALS REALIZADOS EN 2022

2.1. 24 de febreiro: Día de Rosalía

- Conferencia da profesora da Universidade de Santiago de Compostela e académica María López Sánchez: *O tratamento da natureza en Rosalía: A paisaxe como condición simbólica da nación*. Acto aberto e en liña.

Esta actividade coincidiu coa apertura da exposición no Real Jardín Botánico de Madrid e serviu tamén para presentar os paneis da exposición ao público de Barcelona e a todos os que quixeron conectarse á sesión online aberta.

<https://www.ub.edu/adhuc/es/cicle-genere-critica-cultura/rosalia-castro-el-paisaje-como-condicion-simbolica-nacion>

2.2 Día das Letras Galegas

Para a celebración do Día das Letras Galegas 2022, dedicadas a Florencio Delgado Gurriarán organizáronse as seguintes intervencións culturais:

1. Publicación da plaquette Florencio Delgado Gurriarán: *Abillar el cel / Enfeitar o ceo*. É o terceiro número da colección Lletres Gallegas UB, editada en colaboración coa editorial Chan da Pólvora. A edición, bilingüe catalán-galego, consiste nunha escolma de poemas de Florencio Delgado Gurriarán a cargo de María Xesús Lama e traducións ao catalán de Eduard Velasco. É de acceso aberto unha versión dixital da mesma no Dipòsit Digital de la Universitat de Barcelona: <http://hdl.handle.net/2445/186154>. Da versió en papel editáronse 125 exemplares para distribución non venal

2. Exposición: Florencio Delgado Gurriarán. Galicia infinda, sen fronteiras. Trátase da exposición habitual dedicada ao autor homenaxeado no Día das Letras Galegas organizada en colaboración co CRAI da Facultat de Filología i Comunicació, no seo da biblioteca da mesma facultade, así como a súa correspondente exposición xemelga en liña e permanente. No caso da exposición física, combina unha serie de paneis informativos sobre a vida de Florencio Delgado Gurriarán cunha selección bibliográfica exposta nas vitrinas da Biblioteca de Lletres, que sitúa ao autor a carón de publicacións fundamentais da literatura galega no exilio americano durante o franquismo, dispoñible nas dependencias da biblioteca central durante todo o mes de xuño. A exposición virtual conta con textos de María Xesús Lama, imaxes de Anxo Baranga, execución de Esther Acereda e Gabriel Tomàs e coordinación de Antón Blanco.
<https://crai.ub.edu/ca/coneix-el-crai/biblioteques/biblioteca-lletres/Florencio-Delgado>
3. Colaboración con artigos en cada un dos volumes dedicados a Florencio Delgado Gurriarán polo Centro de Investigacións Lingüísticas Ramón Piñeiro e pola Universidade de Santiago de Compostela
4. Conferencia: Florencio Delgado Gurriarán. Impartida por María Xesús Lama na Asociación Cultural Galega Saudade de Barcelona, o 21 de maio de 2022.
5. Participación nas Xornadas Florenciófilas (18, 19 e 20 de novembro). Camilo Fernández participa o día 19 na Mesa da Historia.
<https://www.creandotuprovincia.es/xornadas-florenciofilas.htm>
6. Participación na celebración do Premio de Poesía Florencio Delgado Gurriarán. María Xesús Lama formou parte do xurado do IV premio de poesía (2022).
<https://www.creandotuprovincia.es/gala-do-premio-de-poesia-florencio-delgado-gurriaran.htm>

2.3. Ciclo permanente *Non só Rosalía de Castro*

1. Conferencia “O tratamento da natureza en Rosalía. A paisaxe como condición simbólica da nación”. Conferencia impartida pola profesora e académica **María López Sáñez** o día 24 de febreiro de 2022 en modalidade online.
2. Conferencia *Rutas ou raíces? A literatura galegaentre Iberia e o Atlántico.* do profesor **Álex Alonso Nogueira**, do Brooklyn College (CUNY). Impartida o 9 de febreiro de 2022 na Facultat de Filología i Comunicació da Universitat de Barcelona, aberta ao público.
3. Conferencia *Cultura e política na Galicia do século XX*, do profesor **Ramón Villares Paz**, da Universidade de Santiago de Compostela, en conversa con Álex Alonso. Impartida o 14 de febreiro de 2022 na Facultat de Filología i Comunicació da Universitat de Barcelona, no seo da materia Literatura Gallega dels Segles XIX i XX, pero aberta ao público.

4. Seminario *Espiñas nas rosas. Escritoras incómodas* coordinado por **Ánxela Lema** (Universidade da Coruña) e coa participación de **Ana Garrido**, **Kataryna Moszczynska-Dürst** (Uniwersytet Warszawski) e **Mariola Pietrak** (Uniwersytet Marii Curie-Sklodowskie). Impartido o 26 de abril de 2022 nas dependencias da Facultat de Filología i Comunicació.

5. Conferencia *Mitos e símbolos nos contos de X. L. Méndez Ferrín*, da doutora **María Carreira López**. Impartida o 15 de maio de 2022 na Facultat de Filología i Comunicació da UB no seo da materia “Fantasia, Humor i Subversión. De Castelao a Manuel Rivas”, presencial e aberta ao público xeral.

6. Seminario *Utopías feministas: ficciones que debullan o presente*, coordinado por **Helena González** e coa participación de **Arantxa Calderón** e **Ana Garrido González** (Uniwersytet Warszawski). Impartido o 27 de setembro de 2022 na Facultat de Filología i Comunicació. <https://www.ub.edu/adhuc/es/cicle-genere-critica-cultura/ustopias-feministas-ficciones-que-desgranar-el-presente>

2. PUBLICACIONES:

2.1. Revista *Abriu: estudos de textualidade de Brasil, Galicia e Portugal*

Publicouse o número 11, que inclúe o monográfico *Ecocrítica. Palabras e imaxes* coordinado por Ana Acuña e M^a Xesús Nogueira, foi publicado en outubro e pódese consultar na web da revista *Abriu*:

<https://revistes.ub.edu/index.php/Abriu/issue/view/2667>

A edición en papel ten unha edición limitada debido á aposta pola edición en liña. A Secretaría Xeral de Política Lingüística recibiu os correspondentes 10 exemplares. O proceso de maquetación e a edición en papel foron posibles pola subvención recibida do reitorado da Universitat de Barcelona e a colaboración do proxecto de investigación que soporta o monográfico.

A revista *Abriu* é unha das ocupacións que máis atención lle require en tempo á Àrea d'Estudis Gallecs i Portuguesos, pola relevancia que paulatinamente vai acadando grazas á consecución de novos índices de impacto e os compromisos que estes conlevan.

2.2. Como resultado da entrega da **Medalla de Honra do Consello da Cultura Galega** a Helena González, publícase o seu *Discurso de agradecemento* na revista *Lectora*, nº 28: <https://revistes.ub.edu/index.php/lectora/article/view/40885>

2.3. Como resultado do convite libre de tarifas da revista *Humanities*, en colaboración con Ana Garrido, publicamos o monográfico *Migration and Gender in Galician Literature*, con artigos de Dolores Vilavedra, Irene Jones, Carlos Caetano Biscainho-Fernández, Ana Garrido, David Miranda e María Alonso.

https://www.mdpi.com/journal/humanities/special_issues/Galician_literature

2.4. Como resultado da participación no proxecto de investigación sobre historiografía literaria peninsular dirixido polo profesor José María Pozuelo Ybancos, a historiografía galega ten unha presenza especial con tres capítulos, baixo a coordinación de María Xesús Lama López, no volume coordinado por Pozuelo Ybancos, José M^a/ Ballart, Pere/ Lama López, M^a Xesús/ Otaegui Imaz, M^a Lourdes (coords.). *Ensayos de historiografía literaria (castellana, catalana, gallega y vasca)*, Barcelona: Gredos, 2022.

<https://www.ub.edu/adhuc/es/node/5683>

2.5. Como consecuencia da colaboración co taller de tradución literaria impulsado pola Universität Kiel publicouse a antoloxía bilingüe de poetas galegas:

Gómez Montero, J., **Lama López, M. X.**, Rodríguez, O. (hgg.): *Voces da terra. Seis poetas galegas/ Stimmen der Erde. Sechs Dichterinnen aus Galicie*. Luz Pozo Garza, Chus Pato, Pilar Pallarés, Olga Novo, María do Cebreiro, Dores Tembrás. Kiel: Jenior, 2022.

https://www.uni-kiel.de/lites/media_aktuelles/voces_da_terra.pdf

2.6. Como resultado da colaboración co Centro de Estudos Galegos da Universidade do Algarve:

María Xesús Lama: *Apropiación cultural e contradiscurso histórico. A materia artúrica na literatura galega*. (en prensa).

2.7. Como resultado da **xornada Emilia Pardo Bazán en la prensa. Violencia, género y representación** o 26 de novembro de 2021. A partir dalgunhas comunicacións presentadas nesta xornada está en vías de publicación un monográfico, coordinado polas dúas organizadoras, María Xesús Lama e Elena Losada, na revista **La Tribuna 17 (en prensa)**.

2.8. González Fernández, H.; Mariño Costales, M. (eds.). Alborada. Revista clandestina do PCE, Vigo [Ed. digital amb reprodución íntegra i índice documentais]. Santiago de Compostela(Espanya): Consello da Cultura Galega, 2022. Tipus de produción: Publicacións Multimédia

2.9. González Fernández, H. “Figuras de exclusión. Las presas en la ficción carcelaria”. *Pasavento. Revista de Estudios Hispánicos*. 10 - 1, pp. 47 - 68.

2.10. González Fernández, H.: “Prólogo”, en *A ficção rabuda de quatro feministas killjoy*. Santiago de Compostela(Espanya): Através Editora, 2022.

2.11. Lama López, M^a X.: “Florencio Delgado Gurriarán, poeta vitalista avant la lettre”, en VILAVEDRA, Dolores (ed.) *Florencio Delgado Gurriarán. O soño dunha Galicia infinda*. Santiago de Compostela: USC, 2022: 121-136.

2.12. Lama López, M^a X.: “O corpo e a terra ás dúas beiras do océano. Delgado Gurriarán na infinda primavera”, en Armando Requeixo (dir.): *Estudos arredor de Florencio Delgado Gurriarán*. Cadernos Ramón Piñeiro XLV. 2022: 189-198.

2.13. Lama López, María Xesús: “Algúns temas comúns na obra de Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán”, en *La Tribuna* 16.

2.14. Lama López, María Xesús: “Nuevas lecturas de la obra rosaliana”, en *Ínsula* 912 (decembro de 2022)

3. ACTIVIDADE EXTRAORDINARIA – TEATRO GALEGO EN BARCELONA:

REPRESENTACIÓN TEATRAL da obra «Libre coma os paxaros» de Teatro do Atlántico. 28 de novembro de 2022

A representación tivo lugar na Aula Magna da Facultat de Filosofia i Geografía i Historia da Universitat de Barcelona

Ofreceuse esta representación como froito dun acordo coa **Sociedad de Literatura Española del Siglo XIX** que ten a súa sede na Universitat de Barcelona vinculada ao grao de Filoloxía Hispánica e polo tanto a figura de Rosalía de Castro en escena serviu de peche ao peche do **IX Coloquio da SLEsXIX** celebrado na Facultat de Filología na semana do **25-28 de novembro de 2022**.

A colaboración coa Facultat de Filosofia i Geografía i Història propiciou a extensión da difusión da cultura galega a un alumnado que desenvolve a súa actividade nun ámbito de estudos situados noutro edificio e que polo tanto raras veces accede ás actividades de difusión que se realizan nas dependencias da nosa facultade de Filología i Comunicació.

O Lectorado e Estudos Galegos da UB agradece especialmente á Secretaría Xeral de Política Lingüística o apoio e a colaboración especial que foi necesaria para realizar esta actividade extraordinaria e que se vehiculou a través dunha memoria específica.

4. DIFUSIÓN da lingua e a cultura galegas fóra da Universitat de Barcelona

4.1. O lector, Antón Blanco, impartiu un **Curso Oficial de Lingua e Cultura Galegas na Irmandade Galega de Rubí**, coorganizado entre a mesma e a Secretaría Xeral de Política lingüística. O curso tivo unha duración dunhas 70 horas e realizouse entre os meses de novembro de 2021 e xuño de 2022. O obxectivo deste curso foi que o alumnado do mesmo acadase un nivel de lingua galega igual ou superior a un Celga 1, para cuxa proba oficial se prepararon ao longo do curso. Do mesmo xeito, impartíronse contidos básicos sobre historia de Galicia e a súa cultura tradicional e contemporánea.

4.2. María Xesús Lama López impartiu no Centro Saudade de Barcelona a conferencia *Florencio Delgado Gurriarán, de Còrgomo á Nova Galicia*, o día 14 de maio de 2022.

4.3. María Xesús Lama López participou no congreso internacional **Els altres Verdaguers d' Europa** organizado polo Museo de Historia de Catalunya e celebrado o día 10 de xuño de 2022 coa conferencia *Rosalía de Castro. La veu de les dones al capdavant d'un poble*.

<https://www.barcelona.cat/museuhistoria/en/formats-and-activities/jornades-congressos-i-seminaris/seminari-els-altres-verdaguers-deuropa>

4.4. Presentación do poemario de Anxela Lema París e Sara Villar: *Ex-céntricas* (Ed. Fetiche, 2022) – Presentación na Librería La Raposa coas dúas autoras acompañadas por Dani Amarelo e Claudia Delso.

<https://www.ub.edu/adhuc/ca/cicle-descriptores/ anxela-lema-paris-sara-villar-presenten-ex-centricas>

4.5 Difusión de materiais de literatura galega online.

Como xa se amentou, a Àrea d'Estudis Gallecs i Portuguesos da UB creou a colección *Lletres Gallegues UB / Letras Galegas UB*, que xa leva tres números. A colección consiste na publicación dunha escolma de textos do autor ou autora a quen se homenaxea no Día das Letras Galegas do ano en curso en edición bilingüe galego / catalán. Esta escolma faiña unha figura significativa do mundo da literatura galega, mentres que a tradución corre a cargo dunha figura significativa do mundo da literatura catalá, ou galaico-catalá.

A publicación faise en colaboración coa editorial compostelá Chan da Pólvora e materialízase nun volume coidado en deseño que se distribúe de forma non venal. Con todo, aproveitando o recurso do Dipòsit Digital de la Universitat de Barcelona, un repositorio de documentos dixitais ou dixitalizados, abriuse un espazo no mesmo para Estudis Gallecs i Portuguesos, en que as dúas plaquettes son accesibles para calquera persoa usuaria da rede.

Esta é a ligazón á páxina de Estudis Gallecs i Portuguesos do Dipòsit Digital:
diposit.ub.edu/dspace/handle/2445/178807

Porén, nesta páxina iranse subindo máis materiais, alén das novas entregas da colección *Lletres Gallegues UB / Letras Galegas UB*. Por exemplo, materiais resultantes do antigo Taller de Traducció: traducións de textos galegos ao catalán feitas por alumnado de Estudis Gallecs.

5. COLABORACIÓN CON OUTRAS UNIVERSIDADES

5.1. Colaboración coa Universidade do Algarve:

En 2021 iníciase a colaboración coa serie de publicacións de Estudos Galegos da Universidade do Algarve coa publicación da tese de María Carreira López dirixida por María Xesús Lama López

En 2022 continúa esta colaboración coa preparación dunha nova publicación, neste caso a partir da tese de María Xesús Lama López, co título *Apropiación cultural e contradiscurso histórico. A materia artúrica na literatura galega*. (en prensa).

O 24 de marzo de 2022 ofreceuse unha conferencia para os alumnos da Universidade do Algarve: “Rosalía de Castro e a idea do tempo: progreso versus eterno retorno”, impartida por María Xesús Lama López por medio dunha sesión en remoto.

<https://www.facebook.com/893368951015794/photos/a.893376614348361/1729703280715686/>

Tamén María Carreira López fixo unha colaboración cos Estudos Galegos do Algarve ofrecendo unha conferencia o 31 de maio de 2022 para os alumnos de galego co título “Unha lectura mitocrítica da obra de Méndez Ferrín”.

<https://www.facebook.com/893368951015794/photos/a.893376614348361/1775045632848117/>

5.2. Colaboración coa Universitat Pompeu Fabra.

Por convite do profesor Jaume Subirana para o seminario de doutoramento “National Poets, Cultural Saints”, María Xesús Lama López impartiu a conferencia «Rosalía de Castro, from singer of the Holy Freedom to “Santiña”»

5.3. Colaboración coa Universidade de Varsovia.

A intensa comunicación e proxectos compartidos coa Universidade de Varsovia conduciron á celebración de dous seminarios na Universitat de Barcelona:

- Espiñas nas rosas. Escritoras incómodas (26 de abril de 2022)
- Ustopías feministas: ficcións que debullan o presente (27 de setembro de 2022)

Por outra parte María Xesús Lama, convidada pola revista *Humanities* a coordinar un monográfico sobre literatura galega, requiriu a colaboración de Ana Garrido partindo da aposta por orientar o monográfico cara ao estudo da representación das migracións na literatura galega desde a perspectiva de xénero. O resultado de longos meses de traballo conxunto na coordinación dese monográfico pódese consultar na web da revista:

https://www.mdpi.com/journal/humanities/special_issues/Galician_literature

5.4. Colaboración coa Universidade de Kiel:

Este ano culminou o proxecto de tradución do galego ao alemán da antoloxía de 6 poetas galegas, unha antoloxía bilingüe galego/alemán coordinada por Javier Gómez Montero (responsable do lectorado de Galego da Universität Kiel), María Xesús Lama López (responsable do Lectorado de Galego da Universitat de Barcelona) e Olivia Rodríguez (Universidade da Coruña). Este proxecto iniciouse coa celebración dun obradoiro de tradución coa participación dos coordinadores, tradutores e algunhas das autoras (Dores Tembrás e Chus Pato) en setembro de 2020 no pazo de Mariñán. Celebrouse un segundo obradoiro virtual coa participación dos coordinadores, colaboradores e a poeta Olga Novo e a súa traductora Christina Bischoff. A publicación presentouse no seminario celebrado no Pazo de Mariñán os días 13-16 de outubro de 2022 e presentouse a continuación na

Feira de Frankfurt do 19-23 de outubro de 2022, aproveitando a circunstancia de ser España a convidada de honra da feira:

Gómez Montero, J., Lama López, M. X., Rodríguez, O. (hgg.): *Voces da terra. Seis poetas galegas/ Stimmen der Erde. Sechs Dichterinnen aus Galicie. Luz Pozo Garza, Chus Pato, Pilar Pallarés, Olga Novo, María do Cebreiro, Dores Tembrás*. Kiel: Jenior, 2022.

https://www.uni-kiel.de/lites/media_aktuelles/voces_da_terra.pdf

5.3. Colaboración co Brooklyn College (CUNY).

No contexto da reelaboración do convenio da cátedra de Estudos Galegos coa CUNY, o centro de Barcelona colaborou a través da visita de María Xesús Lama López ao Brooklyn College para facer unha conferencia co título “Voces de mujer en la poesía de Rosalía de Castro” que tivo lugar o 2 de novembro de 2022.

Ao mesmo tempo para a comunidade galega de Nova York desde o Brookly College organizouse na casa de Galicia outra conferencia sobre “Rosalía de Castro: escoitar a voz dos emigrantes”, que tivo lugar o 5 de novembro de 2022.

5.4. USC – Intercambio de alumnos programa SICUE.

- - Mantemos a colaboración coa Univesidade de Santiago de Compostela para facilitar a mobilidade de alumnos da titulación de Filoloxía Galega.
Durante o curso 2021-22 recibíronse catro estudantes de intercambio de Estudos Galegos na Universitat de Barcelona.

5.5. Colaboración coa Universidade da Coruña recibindo unha bolseira posdoutoral visitante Margarita Salas (2022-2024): Ánxela Lema París.

6. Reorganización, revisión e compra de material para a biblioteca e a hemeroteca

Realizáronse varias compras de libros para manter actualizado o fondo bibliográfico. Recóllense as propostas bibliográficas que o persoal docente considera necesarias segundo o programa de cada materia, e tamén para manter actualizado o fondo de Estudos Galegos.

Asemade, o lector mentres estivo no seu posto encargouse de xestionar unha reordenación e reorganización dos fondos bibliográficos, co propósito de manter todos os libros en orde, ter constancia das existencias, así como das carencias e as necesidades de ampliación e poder, ao mesmo tempo, facer os fondos máis accesibles nas dependencias da Área d’Estudis Gallecs i Portuguesos.

Debido ás limitacións de espazo, nos últimos anos a Biblioteca de Lletres da UB admite moi contados fondos de Galego, polo que se fixo preciso habilitar un espazo específico para a bibliografía de galego nas dependencias dos despachos do profesorado. Este ano 2022 debemos agradecer ao noso Departamento que nos facilitase os fondos necesarios

do presuposto común para poder instalar uns grandes estantes no despacho comunitario 5.12 do edificio Josep Carner para os fondos bibliográficos de Estudos Galegos.

7. Investigación académica no seo dos Estudos Galegos

Ver o capítulo 2. **Publicacións.**

Ademáis cómpre engadir os resultados correspondentes aos seguintes proxectos:

7.1. Colaboración do Centro ADHUC co Consello da Cultura Galega no proxecto *A Saia. Hemeroteca feminista*, coordinado por Helena González Fernández.

<https://www.ub.edu/adhuc/es/saia-publicaciones-feministas-y-lgtbiq>

7.2. Dirección do proxecto **Género, violencia y representación. Los textos de creación en la prensa femenina peninsular (1848-1918) - GenViPref PID2020-113138GB-100**. Investigadoras principais María Xesús Lama López e Elena Losada Soler, aprobado polo Ministerio de Ciencia e Innovación para os anos 2021-2024.

<https://www.ub.edu/adhuc/es/proyectos-investigacion/genero-violencia-y-representacion-los-textos-creacion-prensa-femenina>

7.3. Dirección do proxecto **Tránsfugas e parias modernas. Género y exclusión en la cultura popular del siglo XXI** – investigadora principal Helena González Fernández, financiado polo Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades / Agencia Estatal de Investigación - MCIN/AEI/ **10.13039/501100011033** e por “FEDER Una manera de hacer Europa”

<https://www.ub.edu/adhuc/es/proyectos-investigacion/transfugas-y-parias-modernas-genero-y-exclusion-cultura-popular-del-s-xxi>

7.4. Participación no **XIII Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos**, celebrado na Universidade de Varsovia os días 21-24 de setembro.

Presentaron comunicacións Helena González Fernández e María Xesús Lama López.

A responsable do lectorado da UB, María Xesús Lama, formou parte da proposta de candidatura para a nova directiva para o período 2022-2024, que resultou escollida na asemblea xeral de socios.

7.5. Participación no proxecto Coedición en Editorial Gredos con 3 capítulos dedicados á historiografía literaria galega - 5 Pozuelo Yvancos, J. M^a; Ballart, P.; Lama, M^a X.; Otaegui Imaz, L. (eds.). *Ensayos de historiografía literaria (castellana, catalana, gallega, vasca)*. Barcelona, Gredos, 2022.

Inclúe un capítulo de M^a Xesús Lama: “Como soñar una literatura para escribir su historia. Manuel Murguía y el arte de guiar las Musas”, pp. 269-305.

7.6. Colaboración co Consello da Cultura galega para produción de material multimedia. Neste ano 2022 culminouse a dixilitación e presentación de:

González Fernández, H.; Mariño Costales, M. (eds.). *Alborada. Revista clandestina do PCE, Vigo* [Ed. digital amb reprodución íntegra i índice documentais]. Santiago de Compostela(España): Consello da Cultura Galega, 2022.

7.7. Como resultado do proxecto de investigación dirixido por Helena González Fernández “Tránsfugas y parias modernas. Género y exclusión en la cultura popular del siglo XXI”, FEM2017-83974-P MINECO/AEI/FEDER, UE, publícase o monográfico da revista *Pasavento. Revista de Estudios Hispánicos*, nº 10-1 (Universidad de Alcalá de Henares)– Helena González Fernández e Katarzyna Moszczyńska-Dürst (coord.) “Parias y tránsfugas: figuras de la exclusión y la frontera”. 2022, pp. 9 - 170.
<https://www.ub.edu/adhuc/ca/projectes-recerca/transfuges-paries-modernes-gener-exclusio-cultura-popular-del-s-xxi>

7.8. Participación en congresos:

- IX Simposio Internacional de Hispanistas 'Encuentros 2022'. Org. Uniwersytet Warszawski – Helena González con ponencia convidada: “Seguir con el problema. Pensar-con el posthumanismo los estudios culturales”.

-X XIII Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos: 'Abrindo rutas, expandindo camiños. Novas perspectivas e interseccións nos estudos galegos'. Org. AIEG, Uniwersytet Warszawski (21-24 de setembro de 2022)

- Helena González: “Antía Nara: a raiba da migrante como paria consciente”.
- María Xesús Lama: “*Las Literatas* de Rosalía e o debate sobre a irrupción das mulleres no espazo público. Unha retórica do silencio?”

- Xornada De pioneiras e andainas. María Xosé Agra Romero. Na escoita da xustiza. Org. Consello da Cultura Galega – Helena González na mesa redonda 'Creando comunidades, tecendo pensamento'.

- XII Congreso internacional galdosiano: 'Coda a un centenario. Galdós: miradas y perspectivas'. Org. Casa Museo Pérez Galdós.(20-23 de xuño de 2022) – María Xesús Lama participa coa ponencia: “Inspiración quijotesca y sátira social. De *El caballero de las botas azules* a *El caballero encantado*”

- VII Conferência Internacional José Saramago. A herdança filosófica e política de José Saramago. Org. Universidade de Vigo (26-29 de outubro de 2022)- Helena González participa na mesa redonda “Galiza na jangada do futuro”

- Congreso ‘Narrativas da nova diáspora’. Org. Consello da Cultura Galega (10 de novembro de 2022). Helena González participa con ponencia convidada: “Lectura feminista das figuras indóciles da migración”

